

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

OS ELEMENTOS

XOVES 28 NOVEMBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora e primeiro violín

CONVERSANDO CON... Amandine Beyer

Sala Mozart, 19.45 h

INCÓGNITAS

PROGRAMA

TEMPORADA **2024 - 2025**

I

JEAN-FÉRY REBEL (1666-1747)

Les Éléments

- I. Le Cahos*
- II. La Terre et L'Eau*
- III. Chaconne: Le Feu*
- IV. Ramage: L'Air*
- V. Rossignols*
- VI. Loure II*
- VII. Premier et Second Tambourins: L'Eaux*
- VIII. Sicilienne*
- IX. Rondeau: Air pour l'Amour*
- X. Caprice*

ELISABETH JACQUET DE LA GUERRE (1665-1729)

Céphale et Procris (Suite)

- I. Ouverture*
- II. Gavotte en Rondeau "Entrée des Nymphes de la suite de Flore"*
- III. Passepied pour les violons - Passepied pour les hautbois*
- IV. Marche pour Nérée et les dieux marins*
- V. Loure*
- VI. Gigue*

II

JEAN-MARIE LECLAIR (1697-1764)

Scylla et Glaucus (Suite)

- I. Ouverture*
- II. Sarabande*
- III. Gigue*
- IV. Airs des Démons 1-2-3*

JEAN-PHILIPPE RAMEAU (1683-1764)

Suite con extractos de Zoroastre, Les Fêtes d'Hébé, Acante et Céphise

- I. Ballet des Démons (Zoroastre, Acte IV)*
- II. Gavotte tendre (Zoroastre, Acte I)*
- III. Musette gracieuse (Acante et Céphise)*
- IV. Sarabande (Zoroastre, Acte II, III)*
- V. Tambourins (Les Fêtes d'Hébé, 3ème entrée)*
- VI. Air Majestueux [Entrée des Peuples] (Zoroastre, Acte II, III)*
- VII. Menuets (Zoroastre, Acte II)*
- VIII. Tambourins (Acante et Céphise)*
- IX. Gavottes gâyes [Entracte] (Zoroastre, Acte II)*
- X. Entrée des Peuples différents [Entrée des Indiens et des Indiennes] (Zoroastre, Acte III, IV)*
- XI. Gavotte en Rondeau [pour les bergers] (Les Fêtes d'Hébé, 3ème entrée)*
- XII. Air vif (Zoroastre, Acte IV)*
- XIII. Rigaudon (Les Fêtes d'Hébé, 2ème entrée)*
- XIV. Air tendre (Les Fêtes d'Hébé, 2ème entrée)*
- XV. Chaconne (Les Fêtes d'Hébé, 2ème entrée)*
- XVI. Tambourins (Les Fêtes d'Hébé, 1ère entrée)*



Duración aproximada do concerto: 105 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA **2024 - 2025**

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTORA E PRIMEIRO VIOLÍN

Amandine Beyer

VIOLÍNS I

Ildiko Oltai **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Thomas Piel **
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Amador Del Pozo **

FRAUTAS

Luis Soto *
Helena Orriols **

ÓBOES

Esther Viudez *
Avelino Ferreira **

FAGOTES

Manuel Veiga *
Juan Carlos Otero **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

CLAVE

Marta López (R)

AMANDINE BEYER

DIRECTORA E CONCERTINO

Desde o inicio da súa carreira, hai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barockorchester, Akademie für Alte Musik, Arion Orchestra de Montreal, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Ensemble 415 de Chiara Banchini, Finnish Baroque Orchestra, entre outros.

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, CPE Bach, Haydn, Mozart... Gli Incogniti tocou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de París, Théâtre des Champs Élysées, Arsenal de Metz, Ópera de Bordeos, Festival Radio France Montpellier Occi-

tanie, Festival de Saintes, entre outros) como do resto do mundo (Boston Festival, Bergen International Festival en Noruega, Wigmore Hall, Concertgebouw de Bruxas, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo, por citar algúns).

En 2011 Amandine Beyer grava as 'Sonates & Partitas' de J.S. Bach (ZigZag Territoires/Outhere Music) que obtén un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaecker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo *Partita 2*. Tras cinco representacións na Cour d'Honneur do Palacio dos Papas de Aviñon que clausurarán o Festival IN, iníciase unha xira internacional con máis de 80 representacións por todo o mundo.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto The Six Brandenburg Concertos, que se representou na Ópera de París, a Monnaie de Bruxelas, Berlín, Nova York, Liexa, Lille,

Luxemburgo... En 2022, colaboraron unha vez máis con *Mystery Sonatas / for Rosa* poñendo en escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier, que abarca desde o repertorio barroco ao romántico con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos. O seu primeiro disco 'T'is too late to be wise', adicado a Haydn e á música inglesa (Purcell, Locke), foi publicado en 2019 por Harmonia Mundi sendo eloxiado pola crítica.

Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida calorosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama). En 2022, Harmonia Mundi publicou o disco 'Il Mondo al Rovescio', dedicado aos concertos para varios instrumentos de Vivaldi e, en febreiro de 2023, outro traballo discográfico

titulado 'Mystery Sonatas', coa integral das *Sonatas do Rosario* de Biber.

Tras os seus estudos na clase de Chiara Banchini na Schola Cantorum Basiliensis, Amandine Beyer sucédea como profesora de violín barroco en 2010. Apaixonada do ensino e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. É convidada regularmente para impartir clases maxistras por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwán, Estados Unidos, Canadá...).

NOTAS AO PROGRAMA

OS ELEMENTOS

A Real Filharmonía presenta hoxe un novo programa titulado *Os elementos* no que a orquestra, da man da súa artista en residencia Amandine Beyer –directora e violinista–, presenta unha interesante proposta centrada no Barroco francés. Os catro compositores aos que nos achegaremos estiveron ligados ás cortes de Luís XIV e Luís XV, os dous monarcas que marcan esta etapa no país galo: Jean-Féry Rebel, Elisabeth Jacquet de la Guerre, Jean-Marie Leclair e Jean-Philippe Rameau.

O reinado de Luís XIV, o 'Rei Sol', prolongouse case sete décadas (1643-1715) e supuxo un cambio radical na política e cultura europeas. Foi nomeado rei tras a morte do seu pai con só cinco anos e despois dun tempo de rexencia da súa nai, Ana de Austria, e do cardeal Mazarino, tomou o poder en 1661 e decidiu impoñer unha autoridade absoluta, practicando unha política imperialista e guerreira na que o monarca era o Estado. Propiciou un centralismo político e cultural

do país arredor da súa corte, que trasladou e mandou construír a uns quilómetros de París, en Versalles, e utilizou as artes como ferramenta de propaganda, creando numerosas academias reais de escultura, pintura, danza, literatura, ciencias, ópera ou arquitectura, que afianzaron a súa imaxe como mecenas de todas estas disciplinas. A música tamén estivo moi xerarquizada durante o seu mandato, e estruturábase en varias institucións: a Chapelle Royale (Capela Real) formada por cantantes, organista e algún outro intérprete que se encargaban dos oficios relixiosos; a Musique de la Chambre (Música da Cámara) para actos no interior do palacio e que contaba con instrumentistas de corda, laúde, clave e frauta; e a Musique de la Grande Écurie (Música da Gran Caballeriza), un grupo de ventos e percusión para actos ao aire libre. Esta última xogou un papel moi importante no desenvolvemento das agrupacións de ventos, polos avances instrumentais acontecidos no seu seo (como

a creación do óboe) e a formación dos músicos. Ademais fundou dúas orquestras de corda, os Ving-quatre Violons du Roi e Petits Violons, que foron un referente na evolución cara a orquestra moderna e formaban parte da Música da Cámara do monarca.

Pola súa banda, Luís XV, foi rei entre 1715 e 1774. Aínda que seguiu apoiando a música, non tivo o dominio do seu bisavó Luís XIV. No seu lugar había unha ampla serie de mecenas e institucións que apoiaron a músicos e compositores. O centro continuou sendo París, onde se tiñan que estrear todas as óperas. Existían distintos teatros: a Opéra, a Comédie Française e a Comédie Italienne auspiciadas polo rei, e a privada Opéra Comique. Ademais, durante o seu reinado xurdiron importantes iniciativas como a serie de concertos *Concert Spirituel* fundada en 1725, unha das primeiras propostas de concerto público a nivel europeo.

As particularidades máis relevantes do Barroco musical francés foron a importancia da danza e a elegancia e contención emocional fronte á espectacularidade e a expresividade italianas. Dende o s.XVII a música italiana era considerada en Francia unha influencia

estranxeira, apoiada por uns e rexeitada por outros, dando lugar a intensos debates, como as famosas *querelles* no campo da ópera. Moitos compositores intentaron fusionar os dous estilos. Sen dúbida, a personalidade máis poderosa da música francesa do século XVII foi Jean Baptiste Lully (1632-1687), nomeado Superintendente da Música da Cámara do Rei en 1661, co que pasou a ter o control dos Ving-quatre Violons du Roi e Petits Violons. Así mesmo, conseguiu un privilexio real que lle outorgou o dereito exclusivo para representar drama cantado en Francia e polo cal tamén se estableceu a Académie Royale de Musique. Os maiores éxitos colleitounos no campo da ópera, creando un xénero novo netamente francés, a *tragédie en musique* ou *tragédie lyrique* e foi o pioneiro da abertura francesa.

A primeira obra do concerto é *Les Eléments: symphonie nouvelle* de Jean-Féry Rebel (1666-1747), compositor moi ligado á música oficial francesa. Nado nunha familia de músicos, o seu pai, cantante na Chapelle Royale, conseguiu que parte dos seus fillos, incluído Jean-Féry estudase con Lully. Posteriormente, converteuse en membro dos Ving-quatre Violons du Roi

–cos privilexios conseguintes de non pagar impostos, levar espada ou ter un alto salario– e ocupou diversos cargos como compositor de cámara do rei e mestre e director da Real Academia da Música. A obra que hoxe nos ocupa, foi estreada no reinado de Luís XV cando o autor superaba os setenta anos, en 1737. É unha das primeiras en pretender describir elementos da natureza na música (algo raro antes do Romantismo) e preséntanos unha visión ilustrada da creación do mundo como unha ordenación dos elementos a partir do caos. Algúns estudosos relacionan *Les Éléments* co contexto de complexidade da política francesa arredor de 1730, onde Luís XV buscaba a consolidación do seu reinado despois duns inicios de mandato bastante tumultuosos.

O primeiro movemento é o máis coñecido e o propio autor explicábao do seguinte xeito: “a introdución a esta sinfonía era natural; era o Caos mesmo, esta confusión que reinaba entre os elementos antes do instante en que, suxeitos a leis invariables, ocupaban o seu lugar prescrito na orde da natureza (...) Atrevinme a combinar a confusión dos Elementos coa confusión harmónica. Intentei facer oír todos os sons mestura-

dos, ou máis ben todas as notas da oitava xuntas nun só acorde”. Así mesmo no prefacio Rebel sinalaba que convencións elixira para representar musicalmente cada Elemento: “O baixo expresa a Terra en notas ligadas entre si e tocadas con trémolos; as frautas, na subida e descenso da súa melodía, imitan o curso e o murmurio da Auga; o Aire está ilustrado por notas mantidas seguidas de trinos tocados en pequenas frautas; ao final, os violíns representan o Lume por medio da súa viveza e brillantez”.

Seguidamente, a suite de *Céphale et Procris* recolle distintos números da ópera homónima de Elisabeth Jacquet de la Guerre (1665-1729), a compositora e clavecinista máis célebre do antigo réxime e que traballou durante os reinados de Luís XIV e XV. Naceu en 1665 na Illa de San Luís en París e foi presentada con só 5 anos na corte de Versalles, onde comezaría a actuar para o entretemento do rei e a nobreza. En 1677, o periódico de París *Mercure galant* recollía: “Hai un prodixio aparecido aquí nos últimos catro anos. Ela canta a primeira vista a música máis difícil. Acompáñase a si mesma e a outros que desexen cantar, ao clave, que toca de maneira inimitable. Compón pezas

e intérpretaas en calquera tonalidade que se propoña”. Elisabeth Jacquet tivo unha moi boa relación con Luís XIV e a el está dedicada case toda a súa obra. Porén, a súa condición de muller impedíalle ocupar cargos como o de compositora ou clavecinista do rei, reservados para homes. *Céphale et Procris* é unha *tragédie lyrique* dedicada ao rei Luis XIV e trátase da primeira ópera francesa que escribía unha muller. A historia está baseada nas *Metamorfoses* de Ovidio e tivo pouco éxito porque contaba con elementos italianizantes que modificaban no libreto a historia orixinal, engadindo pasaxes cómicas, o que supuxo a súa sentencia de morte. Entre 1694 (estrea da ópera) e 1707 non compón nada, xa que ademais do fracaso profesional pasou un período escuro no persoal (morren os seus pais, o seu marido e un fillo). Posteriormente, escribiu obras para clavecín, para violín e tamén foi unha das impulsoras do xénero da cantata en Francia cun formato moi próximo á ópera. Destaca no seu estilo o uso sorprendente da disonancia e as ornamentacións.

A continuación, a suite *Scylla et Glaucus* de Jean-Marie Leclair, nado en Lión o 10 de maio de 1697 e morto

en París o 22 de outubro de 1764, de maneira violenta en circunstancias descoñecidas aínda a día de hoxe. Normalmente refírense a el como ‘Leclair o vello’ para diferencialo doutro familiar que se chamaba igual. Pertenceu a unha familia musical –o seu pai era violonchelista e seis dos oito irmáns tocaban o violín– e considérase o fundador da escola de violín francesa, instrumento do que foi un virtuoso e para o que escribiu numerosas obras. Destacou especialmente no campo das sonatas nas que combinou elementos italianos como a pureza de Corelli, coa elegancia e dozura da melodía, a perfecta claridade da textura e da forma, e a ornamentación refinada da música francesa. Viviu en distintas cidades europeas e en 1723 chegou a París onde se deu a coñecer nos *Concert Spirituel*. Uns anos despois, entre 1733 e 1737, traballou para Luís XV. *Scylla et Glaucus* é a súa única ópera e trátase dunha *tragédie lyrique* con abertura e 5 actos que presenta un estilo moi similar ao de Rameau, autor coetáneo. A obra estreouse na Académie Royale de Musique e tamén está baseada nas *Metamorfoses* de Ovidio. A suite que interpretará a RFG,

contén os seguintes números: *Ouverture / Sarabande / Gigue / 1er Air de Démons / 2. Air de Démons / 3. Air de Démons*.

Pecha o programa unha suite dun dos autores máis importantes da música barroca francesa, Jean-Philippe Rameau (1683-1764). Curiosamente, foi practicamente descoñecido ata os 40 anos, cando as súas teorías recibiron recoñecemento, e fíxose famoso como compositor de ópera aos 50 anos. Os seus escritos fundaron a teoría da música tonal (*Traité de l'harmonie*) e as súas óperas convertérono no máis importante sucesor de Lully. Naceu tamén nunha familia de músicos en Borgoña e o seu pai ensinoulle música. Despois de traballar como organista en diversos lugares, en 1722 establécese en París para buscar máis oportunidades. Alí conseguiu o apoio de distintos mecenas e en 1745 o rei Luís XV outórgalle unha pensión anual e empeza así a súa época compositiva máis fecunda. A directora Amandine Beyer preséntanos unha suite que combina números de tres óperas do autor: *Zoroastre*, unha *tragédie lyrique* con libreto de Luis de Cahusac, estreada en 1749; *Les Fêtes d'Hébé*, unha ópera-ballet con libreto de Antoine Gautier de Montdorge dada a

coñecer no mesmo marco dez anos antes, en 1739; e *Acante et Céphise*, unha pastoral heroica en tres actos estreada tamén no templo parisiense para conmemorar o nacemento dun dos irmáns do futuro Luís XVI.

Desfrutemos pois dun magnífico retrato do Barroco musical francés a través das obras de compositores ligados á oficialidade musical, que nos farán viaxar á Francia dos séculos XVII e XVIII con música instrumental vencellada á ópera e á danza, xéneros dominantes naquela época de despedida dun mundo vello no país veciño.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
DESAFIANTES**

XOVES 5 DECEMBRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Nil Venditti, directora

Noelia Rodiles, piano

- Ludwig van Beethoven: As criaturas de Prometeo, op. 43 (Abertura)
- Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para piano en La maior núm. 12, KV 414
- Marianne von Martinez: Concerto para piano en La maior
- Franz Schubert: Sinfonía núm. 2 en Si bemol maior D. 125

